# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL

# 1º BACHARELATO
# IES XELMÍREZ

## CURSO 2021-22

# Sumario

INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN....2
LEXISLACIÓN....2
RECURSOS MATERIAIS:....3
ANÁLISE E VALORACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NO CURSO 2020-21....3
ADAPTACIÓNS DA PRESENTE PROGRAMACIÓN ÁS POSIBLES SITUACIÓNS DE DOCENCIA NON PRESENCIAL....4
CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE....5
OBXECTIVOS XERAIS....6
OBXECTIVOS DO CURSO....7
CONTIDOS DO CURSO 1º DE BACHARELATO RELACIONADOS COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES....7
Bloque 1. Destrezas musicais....7
Bloque 2. A audición comprensiva....8
Bloque 3. A teoría musical....9
Bloque 4. A creación e a interpretación....9
Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son....10
CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES....13
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS....39
AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS CORRECTORAS SEGUNDO OS RESULTADOS....42
CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN....42
CRITERIOS DE AVALIACIÓN....42
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN....45
25% da nota atribuíble ao exame(s) teórico(s) que se fagan durante o trimestre, cos contidos descritos nas táboas anteriores....45
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN....45
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE....46
INDICADORES DE LOGRO....47
ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DOS ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE....48
Para o alumnado de 2º Bacharelato avaliado negativamente en 1º curso:....48
PLAN LECTOR....49
ACTIVIDADES ENMARCADAS DENTRO DO PROXECTO LECTOR....49
PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS....51
ACTIVIDADES ENMARCADAS DENTRO DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS....51
TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS....51
EDUCACIÓN PARA A SAÚDE....52
EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA....52
EDUCACIÓN PARA A PAZ....52
EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS....52
EDUCACIÓN AMBIENTAL....52
EDUCACIÓN PARA O CONSUMO....52
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS....53
AVALIACIÓN E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN....53

# INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.O IES xelmirez II é un centro situado na área metropolitana de Santiago. Conta cuns 5 9 0 estudantes, a maioría da ESO, tradicionalmente cun alto grao de abandono escolar. Dende hai anos desenvólvense no centro diversas liñas formativas para intentar dar ao alumnado a maior cantidade de oportunidades posible e reverter esa situación na medida do posible.

No IES impártense ensinanzas da ESO, bacharelato,

# LEXISLACIÓN

A base lexislativa para a presente programación son os seguintes documentos:

- Ley Orgánica 8/2013 del 9 de diciembre, para la Mejora de la Calidad Educativa (LOMCE).
- O Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembre que desenvolve o currículo de secundaria da LOMCE para todo o territorio español, e que viu completado o seu desenvolvemento curricular para a Comunidade Autónoma de Galicia no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que no seu anexo II desenvolve os criterios de avaliación, os contidos correspondentes e os estándares de aprendizaxe de cada unha das materias específicas.

- A Resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29/07/2015), pola que se ditan instrucións para a implantación do citado currículo. O capítulo V (artigo 13) fai referencia as programacións didácticas.

# RECURSOS MATERIAIS:

Temos xuntado practicamente todo o instrumental nunha aula -a máis grande e a que non molesta a ningún grupo ordinario- para poder aproveitar as condicións que temos nesta aula e, ademais, ofrecer a todo o alumnado de calquera grupo, por moi numeroso que sexa, a posibilidade de facer música con distintos instrumentos, contando con percusión Orff, canon proxector, equipo de son, de gravación,, lousa pautada de rotulador, piano eléctrico.

# ANÁLISE E VALORACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NO CURSO 2020-21

Tras o curso pasado e tendo en conta a situación excepcional, analizamos a situación da consecución dos aprendizaxes imprescindibles e os aspectos que teremos que ter en conta para modificar a programación:

1. Esta materia é unha materia optativa que se escolle sen necesidade de ter ningún tipo de coñecemento previo, aínda que en xeral case todo o alumnado ven de cursar a música optativa en 4º da ESO.
2. En calqueira caso, tras o curso pasado cremos importante fomentar en todos os niveis a capacidade de traballo autónomo e individual, para conseguir que no caso de actividade no presencial ou semipresencial o alumnado poida realizar as tarefas encomendadas.
3. Fomentaremos na programación os contidos relacionados cos de interpretación na aula, mentres que os apartados de creación e contextos artísticos desenvolveranse tanto na aula como desde casa, en caso de ensino a distancia ou semipresencial.
4. Utilizaremos as ferramentas de Aula virtual en 3º, 4º, 1º polo que durante as primeiras semanas de setembro todo o alumnado será dado de alta e se poidan engadir os recursos necesarios para asegurar a ensinanza en liña en todo momento.
5. En cada unha das materias sinalaranse cales serán as alternativas para o seguimento do ensino a distancia, indicando posibles actividades, feedback e avaliación.

# ADAPTACIÓNS DA PRESENTE PROGRAMACIÓN ÁS POSIBLES SITUACIÓNS DE DOCENCIA NON PRESENCIAL

Debido ás circunstancias sanitarias desenvolveremos unha serie de estratexias na presente programación para garantir o dereito á educación a aqueles alumnos e alumnas no caso de ter que continuar o ensino de forma non presencial.

Debido as características da nosa materia que é eminentemente práctica e a dificultade que temos de poder avaliar as aprendizaxes sen utilizar medios audiovisuais por garantir a protección dos menores na rede, a materia impartida de forma telemática quedará exclusivamente referida a aspectos teóricos ou teórico-prácticos que serán avaliados mediante traballos e/ou probas online, aínda que fomentando o traballo da creación e interpretación musical e artística nos domicilios.

Dentro do departamento distinguiremos aos alumnos de 2º, 3º ESO, 1º Bacharelato utilizaremos a Aula virtual do IES para desenvolver os contidos e as tarefas necesarias para continuar coa docencia en liña.

O departamento garante que todo o alumnado que tivese que seguir as clases de forma telemática poderá acadar os estándares imprescindibles para superar a materia e poder alcanzar cualificacións similares a unha situación normal, ponderando a cualificación segundo o tempo de cada unha das docencias, presencial e no presencial.

Para garantir que todo o alumnado ten a capacidade de seguimento de este tipo de docencia estableceremos contacto coa persoa titora do grupo para coñecer as dificultades técnicas que poidan presentar e durante os primeiros días de clase utilizaremos todos os recursos dixitais nas plataformas indicadas e nos aseguraremos que todos os estudantes son quen de utilizalos de forma correcta.

No caso de que algún alumno o alumna non conte con medios técnicos na súa casa para poder seguir a docencia el liña utilizaremos os mecanismos que se establezan dende a dirección do centro para poder enviar o material necesario e establecer os feedbacks para garantir o ensino.

# CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

## a. Comunicación lingüística (CCL)

A música contribúe a enriquecer os intercambios comunicativos, fomentando o desenrolo de destrezas e estratexias comunicativas orais e escritas, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico.

## b. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

A linguaxe musical fundaméntase na linguaxe matemática; a representación gráfica da duración do son e do ritmo (figuras, silencios, compases, etc.) se expresa en forma de proporcións matemáticas e fraccións ). Igualmente ocorre con outros conceptos musicais como o intervalo, a distribución en tons e semitons da escala, o acorde ou as indicacións metronómicas, por enumerar algúns.

Por outra parte, trátanse tamén contidos de carácter científico e tecnolóxico, como o estudio do fenómeno físico do son e os seus diferentes parámetros, a producción do son nas diferentes familias instrumentais e os factores que determinan o timbre propio de cada instrumento, os procesos biolóxicos da audición e a voz e o coñecemento das partes do corpo implicadas no mesmo, etc.

## c. Competencia dixital (CD).

A ensinanza de a Música contribúe tamén ó desenrolo da competencia dixital, promovendo o dominio básico de recursos tecnolóxicos no campo da música (hardware e software musical, técnicas de tratamento e gravación do son, producción de mensaxes audiovisuaies, utilización de internet como fonte de información, etc.).

## d. Aprender a aprender (CAA).

O estudio da Música fomenta o desenrolo de capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe do alumno, como a atención, a concentración, a memoria, o esforzo e a constancia.

## e. Competencias sociais e cívicas (CSC).

As actividades de interpretación e práctica musical requiren por parte dos alumnos dun traballo cooperativo baseado na tolerancia, o respecto e a solidariedade. Desenrolo de habilidades sociais (autocontrol, autoestima e empatía, entre outras).

## f. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Ca interpretación musical se potencia a habilidade para planificar e xestionar proxectos e se desenrolan a perseverancia, a responsabilidade, a autonomía e a autoestima, fomentando deste modo a confianza dos alumnos en si mesmos e seu espírito emprendedor.

g. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A Música está relacionada de forma directa con dita competencia en todos os aspectos que a configuran, e a capacidade de comprender e valorar críticamente manifestacións musiciles de diferentes culturas, épocas e estilos, a partir da audición e a análise musical e sociolóxico das mesmos, así como a adquisición de habilidades para expresar ideas, experiencias o sentimentos de forma creativa, especialmente ca interpretación, a improvisación e a composición.

# OBXECTIVOS XERAIS.

O Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan de-senvolver función sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución es-pañola e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mu-lleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos

científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m)Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento per-soal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuir a súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

# OBXECTIVOS DO CURSO

- Valora-las múltiples manifestacións musicais que se producen na nosa sociedade desde distintos puntos de vista.
  Utilizar un método de análise musical baseado na audición e na investigación, para coñecer aspectos estilísticos e formais da obra.

- Comprende-lo proceso de creation e de difusión das obras musicais, considerando o papel do compositor, dos intérpretes e dos medios utilizados en cada momento histórico.

- Coñecer e valora-la utilización que se fai da música nos medios audiovisuais, deseñando actividades e experiencias para afondar nas posibilidades expresivas que a música ten nestes medios.

- Percibi-la música como unha manifestación artística inmersa na súa propia historia e, á vez, aberta á innovación, considerando outros factores extramusicais con influencia no proceso creativo.

- Contribuir coas súas ideas e experiencias na organización e no desenvolvemento das actividades musicais que se realicen no centro.

- Expresarse por medio da voz, dos instrumentos e da danza, tanto en obras do repertorio como nas improvisacións.
  Coñecer e utilizar con attitude critica os principias recursos musicais que ofrece a comunidade , como concertos , bailes... como medios para o lecer durante o tempo de ocio.

# CONTIDOS DO CURSO 1º DE BACHARELATO RELACIONADOS COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

## Bloque 1. Destrezas musicais

B1.1. Utilización da voz, individual ou colectivamente, partindo do coñecemento do aparello fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e a afinación.

B1.2. Interpretación vocal atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical.

LPMB1.1. 1. Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador.
LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal.
LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura

B1.3. Entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos, harmónicos, arpexos ou acordes.

LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.

B1.4. Interiorización do pulso.
B1.5. Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus ataques.

LPMB1.3.1. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.

B1.6. Práctica da lectura articulada e da escritura tanto melódica como harmónica nas claves de sol e fa en cuarta, e da escritura tanto melódica como harmónica.
B1.7. Práctica de lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico.
B1.8. Práctica da lectura de obras musicais utilizando partituras.

LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.
LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.

## Bloque 2. A audición comprensiva

B2.1. Percepción e identificación do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios.
B2.2. Percepción, identificación e transcrición de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario ou ternario.
B2.3. Percepción, identificación e transcrición de signos que modifican a duración, síncopes, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción, etc.

LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.

B2.4. Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais

contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo.
B2.5. Percepción, identificación auditiva e transcrición das escalas, funcións tonais-acordes maiores e menores, acordes de sétima dominante e de sétima diminuída, cadencias e os modos e intervalos fóra do concepto tonal.
B2.6. Recoñecemento comprensivo das texturas musicais e dos timbres instrumentais nas obras escoitadas ou interpretadas.
B2.7. Recoñecemento auditivo e transcrición dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.
B2.8. Reprodución vocal memorizada dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.
B2.9. Identificación de erros ou as diferenzas entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado.
B2.10. Transcrición de esquemas harmónicos das obras escoitadas.

LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas.
LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición.
LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura.
LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea.
LPMB2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada.

## Bloque 3. A teoría musical

B3.1. Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, os grupos de valoración especial contidos en un e varios pulsos, etc.
B3.2. Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agóxica, á articulación musical e ao ataque dos sons.
B3.3. Aproximación ás grafías contemporáneas.

LPMB.3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.
LPMB.3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.

B3.4. Coñecemento das normas de escritura melódica.
B3.5. Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais.
B3.6. Coñecemento e comprensión de escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación.
B3.7. Coñecemento dos principais sistemas de cifraxe harmónica.
B3.8. Coñecemento da ornamentación musical.
B3.9. Comprensión do efecto que producen na música os sons da ornamentación e intensificación expresiva.
B3.10. Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre si.

LPMB.3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes
LPM3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.
LPM3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.

## Bloque 4. A creación e a interpretación

B4.1. Realización vocal ou instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario ou ternario e as súas variantes.

LPMB.4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvísaas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.

B4.2. Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves melodías.
B4.3. Utilización das escalas e acordes máis habituais no sistema modal e tonal.

LPMB.4.2.1. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical.

B4.4. Interpretación memorizada de obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento.

LPMB.4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.
LPMB.4.3.2. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros.
LPMB.4.3.3. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.
LPMB.4.3.4. Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación.
LPMB.4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.

B4.5. Achegamento aos procesos compositivos máis habituais.
B4.6. Utilización da expresión corporal e o movemento corporal como complemento ao feito musical.
B4.7. Desenvolvemento da lateralidade a través da realización simultánea de diferentes ritmos básicos.

LPMB.4.4.1. Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos.
LPMB.4.4.2. Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra.

B4.8. Participación activa na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.
B4.9. Participación na organización e na realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas das demais persoas.
LPMB.4.5.1. Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.
LPMB.4.5.2. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico.

## Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son

B5.1. Fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio; serie de Fourier.
B5.2. Características acústicas dos instrumentos: instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son.
B5.3. Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporcións asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón.
B5.4. Transmisión e amortecemento do son.

B5.5. Sinal analóxico e sinal dixital. Dixitalización do son analóxico.
B5.6. Síntese do son: mostraxe (samplers), filtros de frecuencias e multipistas.
B5.7. Hardware musical: computadores, tarxetas de son e conexións.
B5.8. Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas.

LPMB.5.1.1. Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.

B5.9. Práctica dos sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicación MIDI en interpretacións ou creacións propias.
B5.10. Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.
B5.11. Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes.

LPMB.5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.

# CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

| DESTREZAS MUSICAIS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Estándar de Aprendizaxe avaliable** | **Temporalización** | **Grado mínimo de consecución para superar la materia** | **Procedementos de avaliación** | **C. Clave** |
| LPMB1.1. 1. Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador. | Dado o seu carácter introductorio, será introducido no 1º trimestre, seguramente en dúas sesións iniciáis que adiquemos á voz. | Nomea e describe cada órgano e as súas funcións. Hixiene vocal e principais patoloxías. | Proba obxectiva ou traballo académico. **(Exame teórico, 25%)** **Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual** | CMCCT |
| LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal | **1º Trimestre**<br>Realiza exercicios básicos sobre todo empregando técnicas de respiración e relaxación aplicados a melodías sinxelas de ámbito pequeno.<br>**2º Trimestre**<br>Inicia a articulación e o fraseo noutras melodías propostas.<br>**3º Trimestre**<br>Integra en pezas de maior dificultade as diversas técnicas aprendidas. | Canta de pe, recto e cunha correcta emisión da voz.<br>En pezas vocais, respira correctamente nos puntos indicados e dosifica á voz para que sea uniforme en toda a frase. | Observación nos ensaios e actuacións. Proba practica individual e en grupo.<br>**(Observación traballo diario, 25%)**<br>**Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual** | CAA<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura | **1º trimestre**<br>Comezaremos con entoacións monódicas e de fraseoloxía sinxela e intelixible.<br>**2º trimestre** | Canta de pe, recto e cunha correcta emisión da voz.<br>Participa en interpretacións en clase ou en actuacións e realiza correctamente a súa parte, tanto en referencia ás indicacións | Observación nos ensaios e actuacións. Proba practica individual e en grupo.<br><br>**(Observación traballo diario, 25%)** | CSC<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | alternancia de coro e solista.<br>O alumnado iranse turnando no posto de director/ado coro.<br>**3º trimestre**<br>Obras de maior complexidade a varias voces, polifónicas<br>Todo o alumnado pasará polo posto da dirección do coro. | partitura como as feitas pola profesora ou compañeiro/a que dirixa.<br>Dirixe aos seus compañeiros nunha interpretación vocal seguindo as indicacións da partitura e dando as súas en aras da musicalidade.<br>Adáptase a diferentes posicións. solita, canto individual, voz de coro. distintas voces en coros polifónicos. | **Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual** | |
| LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz. | **1º trimestre.**<br>Reproduce e identifica intervalos de 8º, 5ª e 3ª. Escala pentatónica e escala maior (DoM, Sol M e Fa M) e os arpexios maiores ou menores.<br>**2º trimestre.**<br>Reproduce e identifica intervalos de 2ª maior e menor e de 4ª e 6ª. Escala maior e menor e arpexo. Acordes maiores e menores.<br>**3º trimestre**<br>Reproduce e identifica todos os intervalos no seo da 8ª, os acordes e arpexos.<br>Identificar sonoridades modais. | Reproduce e identifica todos os intervalos no seo da 8ª, os acordes e arpexos.<br>Identificar sonoridades modais.<br>Canta de pe, recto e cunha correcta emisión da voz.<br>Corrixe e busca unha correcta afinación | Observación nos ensaios na aula e probas individuais e colectivas.<br>Dictados musicais axeitados á dificultade temporalizada<br>Uso de programas e páxinas online que permiten practicar dictados e recoñecemento de intervalos.<br><br>**(Observación traballo diario, 25%)**<br>**Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual**<br>**(Exames prácticos, 50%)**<br>**Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual** | CAA<br>CSC<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| LPMB1.3.1. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou | **1ºTrimestre**<br>Interpreta deseños rítmicos en compás binario, ternario e cuaternario de subdivisión binaria e ternaria levando un pulso estable. | Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus | Observación nos ensaios na aula e probas individuais e colectivas.<br><br>**(Exames prácticos, 50%)**<br>**Docencia telemática:40% Entrega** | CMCCT<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás. | **2º Trimestre**<br>Interpreta pezas mais avanzadas e con fórmulas rítmicas mais complexas a dúas voces rítmicas (dúas mans) e atendendo con maior rigor ás indicacións de dinámica (F, p, mf, mp, pp, crescendo, decrescendo) e agóxica (accelerando, ritardando etc)<br>**3º Trimestre.**<br>Interpreta pezas cas dificultades xa abordadas pero con maior fluidez. | que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.<br>Respectase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.Interpreta fórmulas rítmicas a dúas voces con indicacións dinámicas e agóxicas con fluidez. | **de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual** | |
| LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz. | **1ºTrimestre**<br>Interpreta estructuras rítmicas simultáneas en compás binario, ternario e cuaternario de subdivisión binaria e ternaria levando un pulso estable utilizando a percusión corporal e a instrumental.<br>**2º Trimestre**<br>Pezas mais avanzadas e con fórmulas rítmicas mais complexas a dúas voces rítmicas (dúas mans) .<br>**3º Trimestre**<br>executa pezas cas dificultades xa abordadas pero con maior | Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus<br>ataquesnterioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.<br>Respectase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.Interpreta fórmulas rítmicas a dúas voces con indicacións dinámicas e agóxicas con fluidez. | Observación nos ensaios na aula e probas individuais e colectivas.<br><br>**(Observación traballo diario, 25%)**<br><br>**Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual** | CMCCT<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical. | **1º avaliación**<br>Lectura en clave de sol ata 2ª liña adicional<br>Uso de redondas, brancas, negras ,corcheas e semicorchease e os respectivos silencios.<br>matices , mf, f, p, ff e pp.<br>Recoñecemento e uso de | Lectura con soltura no pentragrama en clave de sol até a segunda liña adicional por encima e por abaixo empregando compases de 2/4,<br>¾ e C , 6/8 e ⅜ con figuracións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea, silencios correspondentes. Uso do tresillo de corcheas en pulso de negra. Uso dos | Lecturas sinxelas que respecten os elementos dados, con previsa preparación por parte do alumnado, se tomará notas por parte da profesora no cuaderno.<br><br>Observación da Interpretación ante o intrumental orff de partituras | CAA<br>CMCCT<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | binarios, ternarios ou cuaternarios de subdivisión binaria e compases binarios de subdivisión ternaria.<br>Lectura en compases binarios e cuaternario<br>Uso de indicadores lento, Adagio e Allegro.<br>Dictados rítmicos en 2/4 e C, usando brancas, negras, e corcheas e semicorcheas<br>Dictados melódicos usando do3, a sol3 Creación e uso de grafías non convencionais.<br>**2º avaliación**<br>Lectura en clave de sol e en clave de fa desde o do2 ata o sol do3<br>Uso de brancas, negras e corcheas, semicorcheas e silencios. Uso dos puntiños de prolongación. figuras de medida irregular, contramétricas. básicamente tresillos e dosillos.<br>Matices. Uso de matices e efecto eco. Recoñecemento e uso de compases regulares de subdivisión binaria e ternaria.<br>Lectura en compases binarios, ternarios e cuaternarios de subdivisión binaria.<br>Uso de indicadores LARGO, ADAGIO, ANDANTE, MODERATO, ALLEGRO E PRESTO<br>Dictados rítmicos en 2/4, ¾, 4/4 usando brancas, negras, corcheas, semicorcheas, e grupos de combinación dos mesmo. puntiños en brancas e | corcheas.<br>Lectura con soltura no pentagrama en clave de fa ata a primeira liña adicional , empregando figuras de redonda, brancas, negras e corcheas e silencios correspondentes, puntillos de prolongación en brancas e negras.<br>Uso e lectura da clave de Do en 3ª liña dentro do pentagrama<br>Interpretar segundo indicacións de matices, p, f e mf.<br>Uso das indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria e ternaria, Outros compases regulares, compases de amalgama e asimétricos.<br>Uso dos indicadores de tempo seguintes. lento, largo, adagio, andante, moderato, allegro, presto e vivace e diminutivos.<br>Uso dos indicadores de agóxica rit. (ritardando) e accel. (accelerando), rall. (rallentizando) e string (Stringendo) Dictados rítmicos en 2/4, ¾, 4/4 e 6/8 usando brancas, negras, corcheas, semicorcheas, e grupos de combinación dos mesmo. puntiños en brancas, negras e corcheas..<br>Comezos téticos e anacrúsicos. sincopas de negra entre corcheas. ♪♩♪e de cocheas entre semicorcheas. Tresillos e dosillos, notas a contratempo. en pulso de negras. (Até un Máximo oito erros en oito compases )<br>Facer dictados en Do M e lam, notas desde o si2 ata o re4. coas indicacións rítmicas | continuación.<br><br>Dictados feitos na clase onde aparezan os elementos indicados.<br><br>**(Observación traballo diario, 25%)**<br><br>**Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual**<br><br>**(Exames prácticos, 50%)**<br><br>**Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual** | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | negras. Comezos téticos e anacrúsicos. sincopas de negra entre corcheas. ♪♩♪ | arriba indicadas. (Até un Máximo oito erros en oito compases ) Recoñecemento de acordes en Do M, II, , IV, V, VI e VII. en la m . I, IV eV (Até un Máximo | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Dictados melódicos empregando as notas de do3, a do4. en Do Maior.<br>**3º avaliación**<br>Lectura con soltura no pentragrama en clave de sol até a segunda liña adicional por encima e por abaixo empregando compases de 2/4, ¾ e C , 6/8 e ⅜ con figuracións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea, silencios correspondentes. Uso do tresillo de corcheas en pulso de negra. Uso dos puntillos de prolongación en brancas, negras e corcheas.<br>Lectura con soltura no pentagrama en clave de fa ata a primeira liña adicional , empregando figuras de redonda, brancas, negras e corcheas e silencios correspondentes, puntillos de prolongación en brancas e negras.<br>Uso e lectura da clave de Do en 3ª liña dentro do pentagrama<br>Interpretar segundo indicacións de matices, p, f e mf.<br>Uso das indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria e ternaria, Outros compases regulares, compases de amalgama e asimétricos.<br>Uso dos indicadores de tempo seguintes. lento, largo, adagio, andante, moderato, allegro, presto e vivace e diminutivos.<br>Uso dos indicadores de agóxica rit. (ritardando)e accel. (accelerando), rall. | oito erros en oito compases )<br><br>**(Exames prácticos, 50%)** | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | (rallentizando) e string (Stringendo)<br>Dictados rítmicos en 2/4,¾, 4/4 e 6/8 usando brancas, negras, corcheas, | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | semicorcheas, e grupos de combinación dos mesmo. puntiños en brancas, negras e corcheas.. Comezos téticos e anacrúsicos. sincopas de negra entre corcheas. ♪♩♪ e de cocheas entre semicorcheas.<br>Facer dictados en Do M e lam, notas desde o si2 ata o re4. coas indicacións rítmicas arriba indicadas.Recoñecemento de acordes en Do M, II, , IV, V, VI e VII. en la m . I, IV eV | | | |

| AUDICIÓN COMPRENSIVA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Estándar de Aprendizaxe avaliable** | **Temporalización** | **Grado mínimo de consecución para superar la materia** | **Procedementos de avaliación** | **C. Clave** |
| LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva | **1º trimestre**<br>Percibe e indentifica o pulso, e os acentos de compases binarios, ternarios e cuaternarios de subdivisión binaria e ternaria.<br>Dictados rítmicos en 2/4 e C, usando brancas, negras, e corcheas e semicorcheas<br>**2º trimestre**<br>Identificación de brancas, negras e corcheas, semicorcheas e silencios. Uso dos puntiños de prolongación. figuras | Percibe e indentifica o pulso, e os acentos de compases binarios, ternarios e cuaternarios de subdivisión binaria e ternaria.<br>Identifica o pulso en compases irregulares e os identifica como tales. Dictados rítmicos en 2/4, ¾, 4/4 e 6/8 usando brancas, negras, corcheas, semicorcheas, e grupos de combinación dos mesmo. puntiños en brancas, negras e corcheas.. Comezos téticos e anacrúsicos. sincopas de negra entre | Lecturas sinxelas que respecten os elementos dados, con previsa preparación por parte do alumnado, se tomará notas por parte da profesora no cuaderno.<br>Observación da Interpretación ante o intrumental orff de partituras onde aparezan os elementos indicados a continuación.<br>Dictados feitos na clase onde aparezan os elementos indicados na temporalización, tamén nas probas | CMCCT<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | medida irregular, contramétricas. básicamente tresillos e dosillos. Dictados rítmicos en 2/4, ¾, 4/4 usando brancas, negras, corcheas, semicorcheas, e grupos de combinación dos mesmo. puntiños en brancas e negras. Comezos téticos e anacrúsicos. sincopas de negra entre corcheas. ♪♩♪<br>**3º trimestre**<br>Identificación das indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria e ternaria, Outros compases regulares, compases de amalgama e asimétricos.<br>Dictados rítmicos en 2/4, ¾, 4/4 e 6/8 usando brancas, negras, corcheas, semicorcheas, e grupos de combinación dos mesmo. puntiños en brancas, negras e corcheas.. Comezos téticos e anacrúsicos. sincopas de negra entre corcheas. ♪♩♪ e de cocheas entre semicorcheas. Tresillos e dosillos, notas a<br>contratempo. en pulso de negras. | contratempo en pulso de negras.Identificación de cambios de compás. | **(Exames prácticos, 50%)**<br>**Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual** | |
| LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas. | **1º trimestre**<br>Identifica auditivamente ascaracterísticas morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo.<br>Percibe e identifica auditivamente as escalas maiores e menores, escalas non | Identifica auditivamente as características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo. Percibe e identifica auditivamente as escalas maiores e menores, escalas non tonais, funcións tonais-acordes maiores e menores, acordes | Probas escritas tipo examen Observación na aula<br>Recollida de traballos efectuados na aula. Dictados coas características indicadas en cada trimestre.<br>**(Exame escrito, 25%)**<br>**Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través** | CMCCT<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
Basearse en recursos escritos ou gráficos. Neste nivel de primeiro de bacharelato, e tendo en conta que o titulo da asignatura é linguaxe musical e práctica, este aspecto é fundamental. É chegado o momento de independizarse de a aprendizaxe de "oido".
O desenvolvemento das capacidades interpretativas ten como marco tres áreas diferenciadas aínda que estreitamente relacionadas entre sí: a expresión instrumental, a expresión vocal e a expresión corporal ou movemento.

Expresión instrumental

Neste nivel non se expoñen actividades específicas para o desenvolvemento da técnica instrumental, ainda que sí aparecen formando parte de actividades de interpretación y creación musical.
Expresión vocal
Realizaremos as actividades de técnica vocal (resoancia, articulación, vocalización, impostación) periódicamente desde principio de curso e, sobre todo, antes de abordar a interpretación dalgunha cancion.
Expresión corporal, movimiento e danza
A música é o soporte da danza, polo que o movemento corporal é un obxectivo que se ha de alcanzar e un recurso didáctico para a expresión de contidos musicales como a pulsación, o deseño melódico, a textura e a forma.

Improvisación

A improvisación reúne en si mesma as dúas facetas musicáis máis importantes: a composición e a interpretación. Dito procedemento permite explorar posibilidades sonoras.

A improvisación podese expoñer dentro dun abano de posibilidades que van desde a liberdade total até a suxección a unhas pautas predeterminadas. Está presente ao longo de todo o proceso de aprendizaxe, constituíndo en moitas ocasións non só un punto de partida para as actividades baseadas na interpretación e na creación, se non tamén o eixo central de partes específicas da aprendizaxe, como poden ser as actividades rítmicas ou a entoación de sons e a exploración tímbrica e formal. Pódese insistir en que, para improvisar, hai que partir das pautas dadas e manter unha actitude desinhibida e participativa, despreocupándose dos posibles erros e adoptando unha actitude constructiva ante os mesmos.

Creación

Parte da experimentación e a combinación de sons ou elementos corporáis a través da improvisación para chegar, posteriormente, a un traballo máis planificado que se plasme na composición, e que permita ao alumnado interiorizar os elementos que permiten construir a música.

Composición

No relativo a estes contidos, o alumnado de Bacharelato conta xa con unha certa experiencia desenvolvida na etapa anterior que permitiulle compoñer pequenos fragmentos de música seguindo unhas pautas básicas como a repetición de motivos ou o emprego dunha secuencia harmónica fundamental, por exemplo a sucesión de acordes I-IV-V-I. Agora é o momento de actuar con máis autonomía e creatividade, partindo da experimentación, da improvisación e chegando a interiorización de pautas e métodos.

Creación e montaxe de coreografías

A faceta creativa do alumnado non debe quedar exclusivamente na composición de fragmentos vocáis e instrumentáis. A creación de coreografías é o complemento ideal ás actividades de expresión corporal e danza.

Lectoescritura musical

A música é unha linguaxe e constrúese, da mesma forma que a linguaxe verbal, a partir dunhas unidades de significación que se combinan de múltiples formas e que hai que aprender a manexar con soltura. Isto non significa que haxa que aprendelo como unha actividade mecánica. Ao contrario, as actividades baseadas na lectura e a escritura musicáis deben ser un medio para a consecución doutros obxectivos, constituindo a base para outros procedimentos como a audición, a improvisación, a interpretación ou a composición de fragmentos.

A lectoescritura musical non debe ser entendida desde un punto de vista restrictivo no que só tería cabida a forma tradicional de representar a música con notas nun pentagrama. Outros sistemas de representación, esquemas ou musicogramas, utilizaranse habitualmente na clase.

Investigación e alfabetización informacional

Pódense agrupar aquí, os contidos currículares encaminadas a fomentar hábitos de búsqueda de información, posta en común e debate. Este tipo de contidos cobran toda a súa importancia xa que o alumnado a estas edades va adquirindo a madureza necesaria que lle permite abordar as tarefas de investigación de forma máis autónoma e con maior criterio.

Insistirase en que buscar información a partir dun tema ou cuestionario non é ir directamente ao lugar concreto da fonte (bibliografía, partitura, material de audio o vídeo, Internet) onde agardase atopar unha resposta determinada para copiala literalmente. Máis ao contrario, hai que planificar a búsqueda, elexir máis dunha fonte, ler e escoitar con tranquilidade, extraer as ideas máis importantes. Analisalas, desenvolvelas e realizar unha síntese a partir de todo o material traballado.

# AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS CORRECTORAS SEGUNDO OS RESULTADOS

Se no momento das avaliación inicial atopáramos con alumnos que non lograran seguir o nivel inicial da clase. Isto quere dicir, no caso de que non foran quen de ler as notas dentro do pentagrama na clave de sol, non son capaces de seguir o pulso, ou ben non son quen de diferenciar ritmos binarios e ternarios. Procederase a recomendar que retome ou volva a repetir o cuaderniño do curso pasado, que se lle correxirá na aula.

Dado que a maioría das actividades que se van facer son colaborativas, incluirase a estes alumnos nos grupos, sempre tendo en conta as dificultades á hora de asignarselle un papel cunha dificultade menor (instrumentos de son indeterminado) ou similar. Iso significa que se valorará a participación e aporte do alumno en función das súas capacidades

# CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Entoar correctamente unha melodía, con acompañamento instrumental ou a capella, individualmente ou en grupo.

Este criterio ten por obxecto comprobar a capacidade do alumnado para aplicar a técnica vocal, para cantar afinadamente un fragmento tonal aplicando as indicacións de expresión na partitura.

- Entoar correctamente unha melodía previamente escoitada colectivamente.
- Será considerado máis negativamente o negarse a cantar que o feito de afinar.

1. Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para mantelo durante breves períodos de silencio.

Este criterio trata de contrastar a percepción do pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e lograr unha correcta interiorización do pulso que permita posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.

- Ser quen de seguir o pulso.
- Ser quen de retomalo tras un tempo en silencio.
- Ser quen de seguir as indicacións métricas nunha interpretación musical.
- Recoñecer auditivamente os compases nuns fragmentos.
- Ser quen de facer dictados rítmicos, cun máximo de oito compases es compases simples ou compostos.

- Ser quen de manter o puso en obras con pulsos irregulares.

1. Identificar e interpretar estruturas e desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra breve ou fragmento, instrumental ou vocalmente, con e sen cambio de compás, nun tempo establecido.

Con este criterio de avaliación búscase constatar a capacidade do alumnado de interpretar –vocal e instrumentalmente-, de sentir internamente o pulso e encadear diversas fórmulas rítmicas axeitadas a este nivel con exactitude, nun tempo establecido, utilizando a disociación auditiva e motora e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.

- Ser quen de distinguir diferentes voces nunha obra polifónica.
- Ser quen de cantar nunha obra polifónica seguindo a súa propia melodía.
- Ser quen de participar en experiencias polirrítmicas.
- Ser quen de interpretar pezas con cambios de compas.

1. Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado individual ou conxuntamente.

Este criterio de avaliación persegue desenvolver a relación afectiva do alumnado coa música, estimular a súa capacidade creativa e expresiva a través da práctica de variantes das fórmulas rítmicas coñecidas ou improvisando libremente estas, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.

- Ser quen de improvisar ritmos mantendo un pulso.
- Será considerado máis negativamente o negarse a improvisar que o feito de manter o pulso.

1. Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos, escalas ou acordes arpexados a partir de diferentes alturas.

Con este criterio trátase de comprobar a destreza para reproducir un mesmo feito melódico desde calquera altura, mantendo correctamente a interválica do modelo e entendendo a tonalidade como unha realidade que responde a unhas regras determinadas.

- Reproducir modelos musicais coa voz da forma máis precisa posible.
- Reproducir modelos musicais cos instrumentos da forma máis precisa posible.

Ser quen de transcribir melodías diatónicas dentro da octava central coa utilización de intervalos de 2ª, 3ª, 5ª e 8ª.

Recoñecer acordes tonáis dunha determinada tonalidade dada e Estado Fundamental ou inversións.

1. Improvisar, individual ou colectivamente, breves melodías tonais ou modais, pequenas formas musicais partindo de premisas relativas a diferentes aspectos da linguaxe musical.

Este criterio pretende comprobar a asimilación dos conceptos tonais e modais básicos, o desenvolvemento da creatividade e a capacidade de selección e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical. Tamén avaliará a actitude para integrarse como un membro máis no grupo.

- Ser quen de improvisar seguindo as reglas compositivas occidentais.
- Ser quen de desfacerse das reglas compositivas para adentrarse nas fronteiras musicais do século XX.
- Ser conscente dos elementos musicais empregados na improvisación como paso previo á creación.

1. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas.

Coa aplicación deste criterio preténdese comprobar a capacidade do alumnado para percibir os aspectos básicos dunha obra musical: rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos,modos de ataque, articulacións, etc., seleccionando previamente os aspectos que deban ser identificados ou ben deixando libremente que identifique os aspectos que lle resulten máis salientables.

- Ser quen de identificar a linguaxe dunha obra.- tonal ou non tonal.
- Ser quen de identificar o ritmo.
- Ser quen de identificar texturas.
- Ser quen de recoñecer timbres.
- Ser quen de definir os instrumentos que forman parte da orquestra.
- Ser quen de recoñecer orquestras que se correspondan con diferentes épocas.
- Ser quen de recoñecer a tipoloxía das voces por tesitura e timbre.

1. Interpretar de memoria, individual ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio, seleccionados entre os propostos polo alumnado.

Este criterio trata de avaliar o coñecemento do repertorio do alumnado, a súa capacidade de memorización, o desenvolvemento da súa sensibilidade musical, a súa capacidade expresiva, así como a súa actitude ante a música e ante os seus compañeiros e compañeiras.

- Ser quen de lembrar nunha peza musical todos os elementos expresivos,non limitarse a lembrar as notas senon tamén os elementos rítmicos, dinámicos e expresivos.
- Ser quen de traballar en grupo, sendo conscente de que o producto final correcto só se consigue co traballo correcto de cada un dos músicos.
- Saber seguir a interpretación musical, a pesar dos erros. Incorporándose a descurrir musical dos compañeiros.

1. Improvisar ou compoñer e interpretar unha breve obra musical para unha melodía dada que precise da participación de varios intérpretes e incorporar movemento coreográfico, utilizando os coñecementos musicais adquiridos.

Con este criterio preténdese comprobar o grao de asimilación dos conceptos teóricos da linguaxe musical e da capacidade do alumnado para usalos e combinalos na creación dunha pequena obra musical, a súa capacidade para construír a través do movemento unha creación coreográfica, axeitando o seu concepto ao carácter expresivo da obra, así como a súa disposición para realizar un traballo de maneira cooperativa, integrándose nun grupo.

- Ser quen de realizar unha obra que teña valor artístico completo dentro da súa sinxeleza.

- Ser quen de sobrepasar na creación musical e coreográfica o concepto de exercicio de clase.

1. Realizar traballos ou exercicios aplicando as ferramentas das tecnoloxías da comunicación aplicadas á música.

Con este criterio preténdese comprobar o desenvolvemento alcanzado no uso dos editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.
Creacións musicais completas que serán colgadas como exercicios de clase en lugares virtualmente accesibles para todos os compañeiros, empregando calquera dos software traballado no curso

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

É preciso valorar no día a día a evolución de alumno á hora de desenvolverse nas distintas actividades. Pero, por outra banda , é preciso crear un apoio documental que permita ao alumnado ter un soporte material mais aló do traballo diario no aula.

Son os exames escritos un método de diagnóstico do proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero teñen un valor outorgado polo propio alumnado de ser un sistema obxectivo, que poden consultar unha vez feito e que lles serve de acicate para o estudo.

Para tratar de equilibrar todas estas cuestións, este departamento cualificará a evolución e logro dos obxectivos por parte do alumnado atendendo ao reparto seguinte:

**25% da nota atribuíble ao exame(s) teórico(s) que se fagan durante o trimestre, cos contidos descritos nas táboas anteriores.**

**50% da nota atribuíble ao exame(s) práctico(s) que engloba(n) os contidos das táboas anteriores, atendendo moi especialmente á participación e musicalidade das propostas do alumnado, valorándose primordialmente a participación, a disciplina fronte as indicacións dadas, e o progreso na afinación e na medida.**

**25% da nota atribuíble a observación diaria na clase e traballos expostos na clase, baseada nos parámetros descritos nas táboas anteriores.**

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Do apartado anterior dedúcese que os procedementos para a avaliación dos alumnos serán básicamente de tres tipos.

As actividades musicáis que se fagan na clase, e que serán consideradas diaria e individualmente polo profesor para cada alumno. Incluiríamos dentro delas as seguintes.
Exercicios e xogos rítmicos.
Lecto-escritura de fragmentos sinxelos.

Interpretación ante un instrumento dunha partitura proposta.
Interpretacións de cancións individual e colectivamente, a unha voz ou a dúas. Creación de coreografías.
Creación de proxectos musicais que permitan a investigación sonora e da construcción musical.
Traballos con MIDI.
Dictados rítmicos, melódicos e harmónicos de dificultade gradual e axeitada.
Dentro dos traballos musicáis que o alumno terá que preparar ao longo do curso consideraremos dúas categorías de exercicios.

Os que serán presentados por escrito e que servirán como base para a preparación dos exames dos alumnos e complemento dos apuntes que eles mesmos collan dentro das clases, terán que ser recompilados polos alumnos, e incorporar aqueles que sexan obxecto de correción por parte da profesora, e ser presentados no momento en que sexan solicitados como parte da actividade avaliadora. Entre eles serán de especial importancia os cuadernillos de Eric Taylor, nota que será tida en conta en todas as avaliacións desde principio de curso.
Aqueles que sexan doutro carácter como presentacións, debates, traballos coa informática musical ou as Tics ou outras actividades de contido oral ou virtual, serán valorados de forma diaria e individual polo profesor no momento de realizar actividade.
Na libreta que o alumno presentará en cada trimestre, ademáis da recompilación dos exercicios executados na asignatura, haberá dous apartados diferenciados, onde o alumnado creará un pequeno glosario de termos musicais e de audicións escoitadas na clase, co fín de crear un pequeno vocabulario de palabras técnicas, e de crear un repertorio de audicións, que non queden en meros exemplos de clase.
Os exames constarán de tres partes diferenciadas e para a superación do mesmo, será necesario que o alumno puntue como mínimo un punto en cada unha das partes.
A primeira parte, terá un contido máis teórico, daqueles elementos que se traballen na avaliación, como poden ser o son, as voces, os instrumentos ou similares.
A segunda parte, terá contido de linguaxe musical, e obrigará ao alumno a desenvolverse mínimamente coa linguaxe musical.
A terceira parte, terá carácter auditivo, e permitirá á profesora comprobar a capacidade do/a alumno/a para discriminar auditivamente os elementos sonoros.

# ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Faranse Adaptación Curriculares nos casos nos necesarios, tendo en conta os informes do departamento de orientación.

Prestarase Reforzo Educativo a todo o alumnado repetidor, ou coa asignatura pendente.

Considerarase que un alumno abandona a asignatura cando non fai ningunha das tarefas propostas na clase e non fai as probas de avaliación (negarse a tocar ou cantar, e deixar os exames en branco). Esta actitude conleva a perda da avaliación contínua, e a realización dunha proba extraordinaria en Xuño.

# INDICADORES DE LOGRO

1. Canta de pe, recto e cunha correcta emisión da voz.
2. Participa en interpretacións en clase ou en actuacións e realiza correctamente a súa parte, tanto en referencia ás indicacións da partitura como as feitas pola profesora ou compañeiro/a que dirixa.
3. Reproduce e identifica todos os intervalos no seo da 8ª, os acordes e arpexos.
4. Corrixe e busca unha correcta afinación
5. Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.
6. Respectase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.
7. Lectura con soltura no pentragrama en clave de sol até a segunda liña adicional por encima e por abaixo empregando compases de 2/4, ¾ e C , 6/8 e ⅜ con figuracións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea, silencios correspondentes. Uso do tresillo de corcheas en pulso de negra. Uso dos puntillos de prolongación en brancas, negras e corcheas.
8. Lectura con soltura no pentagrama en clave de fa ata a primeira liña adicional, empregando figuras de redonda, brancas, negras e corcheas e silencios correspondentes, puntillos de prolongación en brancas e negras.
9. Dictados rítmicos en 2/4, ¾, 4/4 e 6/8 usando brancas, negras, corcheas, semicorcheas, e grupos de combinación dos mesmo. puntiños en brancas, negras e corcheas.. Comezos téticos e anacrúsicos. sincopas de negra entre corcheas. ♪♩♪ e de cocheas entre semicorcheas. Tresillos e dosillos, notas a contratempo. en pulso de negras. (Até un Máximo oito erros en oito compases )
10. Facer dictados en Do M e lam, notas desde o $si_2$ ata o $re_4$. coas indicacións rítmicas arriba indicadas. (Até un Máximo oito erros en oito compases )
11. Recoñecemento de acordes en Do M, II, , IV, V, VI e VII. en la m .I, IV eV (Até un Máximo oito erros en oito compases )
12. Recoñecemento auditivo dos instrumentos da orquestra sinfónica, piano, guitarra, instrumentos da banda de rock standar, da música tradicional galega, e das principais agrupacións vocais.
13. Modificacións ao longo da historia: Orquestra barroca, orquestra clásica, orquestra romántica, orquestra sinfónica do século XX e recoñecemento auditivo das mesmas.
14. Identifica texturas en audicións. Monodia, Polifonía (texturas contrapuntísticas), Homofonía (Melodía acompañada) e Heterofonía.
15. Ser capaz de seguir unha partitura proporcionada para seguir unha audición, implica recoñecer os elementos gráficos.
16. Recoñecemento das indicacións de repetición. *Doble barras, da Capo, fine, e similares.*
17. Coñecemento dos convencionalismos das partituras. Sistemas, lectura de abaixo-arriba, disposición dunha partitura orquestral ou coral.
18. É capaz de comprender a nomenclatura de acordes de Jazz-rock, e de recoñecer as irregularidades do ritmo propias da interpretación deses estilos.
19. Identifica e trata de seguir partituras de música contemporánea.
20. Le con soltura na clave de sol e de fa.
21. É capaz de seguir a lectura na clave de do en 3ª.
22. Comprende a relación entre as tres claves e as tesituras.
23. Escalas tonais maiores e menores até cinco alteracións

24. equivalente enharmónicos
25. Especies de intervalos simples.
26. escalas cromáticas
27. Transcripción nas tres claves coñecidas.
28. Recoñece os acordes triadas en estado fundamental e en inversión
29. Recoñece os acordes cuatríadas de dominante e de sensible.
30. Recoñece auditivamente e funcionalmente as cadencias.
31. Recoñece e sabe cifrar os acordes tanto no cifrado barroco e no de Jazz
32. Emprega tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.
33. Crea melodías con sentido musical atendendo a unha serie de instruccións no editor de partituras
34. Improvisa vocalmente melodías a partir de textos dados.
35. Improvisa e crea ritmos sobre textos dados.
36. Crea harmonizacións sinxelas a partir de melodías dadas ou orixinais.
37. Interpreta correctamente a súa voz nas interpretacións propostas pola profesora
38. Memoriza a súa parte para unha mellor interpretación
39. Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.
40. Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.
41. Respectase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.
42. Non se culpabiliza os erros dos compañeiros.
43. Asúmese de forma solidaria o resultado musical do conxunto.
44. Comprende o fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio; serie de Fourier.
45. Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporcións asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón
46. Transmisión e amortecemento do son.
47. Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas
48. Emprega con autonomía un editor de partituras (musescore)
49. Emprega con autonomía un editor de son (Audacity)
50. Coñece as posibilidades dun editor de partituras online (noteflight)
51. Coñece as posiblidades e diferencias entre as diferentes plataformas.
52. Comprende on concepto de música en streaming

# ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DOS ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE

Para o alumnado de 2º Bacharelato avaliado negativamente en 1º curso:

Os contidos esixibles son os mesmos que figuran na programación de 1º de Bacharelato neste curso. As

actividades de avaliación serán como segue:

- Os alumnos deberán acordar cos profesores un repertorio instrumental ou vogal de catro pezas dentro do que aprenderan o ano anterior.
- A interpretación deste repertorio contará un 70% da nota, e será titorado e avaliado en horario a convir polo alumno e o profesor.
  -Exame trimestral dos contidos teóricos, que contará un 30% da nota.

-En caso de non superar a materia deste xeito, ben por non acadar o mínimo esixido ou ben por non facer as actividades de recuperación, caberá a posibilidade de presentarse a un exame final, que constará de dúas partes: O exame escrito dos contidos teóricos (30% da nota) e a interpretación da selección acordada de pezas (70% da nota)

# PLAN LECTOR

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construcción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores.

Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

Moitos dos contidos da asignatura trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtitulado, se traballa tamén o uso funcional dunha lingua extranxeira.

# ACTIVIDADES ENMARCADAS DENTRO DO PROXECTO LECTOR

Nas clases de música a linguaxe verbal utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construcción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmoa través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da

lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como Instrumento de comunicación, de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre cómo interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádase nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.

Moitos dos contidos da asignatura trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtitulado, trabállase tamén o uso funcional dunha lingua extranxeira.

Dun xeito máis sintético, enúncianse a continuación a secuencia de actividades que traballan o desenvolvemento da lectura nas clases de música:

- Lectura persoal de textos expositivos e realización oral ou escrita de cuestións vinculadas coa comprensión do contido dos mesmos.
- Cumprimentación de fichas de audición, onde comezan por cubrir unha serie de puntos básicos (autor, marco cronolóxico, estilo musical, obra, plantilla instrumental ou vocal, etc.), a partir dos que elaborarán textos expositivos.
    - Lectura e comprensión de definicións de conceptos musicais.
    - Definición destes conceptos musicais aprendidos mediante o uso do propio vocabulario.
- Lectura de textos de prensa, revistas ou información recollida en internet dos que se lles pide resumen , definir os termos musicais que o profesor lles subraia, sinalar ideas principais e secundarias, inventar un novo titular no caso dunha nova e, se cadra, a opinión propia.
- Lectura de información relativa a un tema concreto coa finalidade de elaborar pequenos traballos escritos.
- Lectura atenta dos enunciados das actividades propostas no aula: trala lectura en voz alta dos mesmos cada día un alumno diferente responderá oralmente ao profesor "que cómpre facer?".

# PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Estase a promocionar unha canle de Youtube con contidos xerados no instituto (vídeos dos alumnos) ou ben ligazóns a temas de interese (vídeos de audicións)

## ACTIVIDADES ENMARCADAS DENTRO DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, a parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.

Dun xeito máis sintético, enúncianse a continuación a secuencia de actividades que traballan o desenvolvemento deste plan nas clases de música:

- Realización de proxectos multimedia ( nos que cómpre procesar textos, imaxes e música) sobre temas diversos incluidos nos contidos da asignatura.
    - Creación de pezas musicais utilizando programas de edición de partituras ou de edición de audio.
- Recabar información (verbal ou musical) presente en internet necesaria para a cumprimentación de fichas, execución de actividades, etc.
- Gravación das partes instrumentais ou vocais en diversas pistas utilizando micrófonos, mesa de mezclas e tarxeta de son instalada no PC do aula.
    - Visualización de películas, óperas, zarzuelas, musicais e documentais en DVD.

# TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A continuación menciónanse os temas transversais que establece o currículo da E.S.O. especificando os aspectos propios da música que se traballarán ó longo do curso escolar e que impregnan os

contidos da programación.

## EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Coñecemento do funcionamento correcto do aparello auditivo e tamén do fonador.
- Desenrolo de hábitos preventivos para cuida-la saúde vocal e auditiva: contaminación sonora, conciencia dos efectos que produce o tabaco.
  - Valoración do corpo e interés pola práctica de exercicio físico e a adopción de hábitos de hixiene corporal.
- Interese por recibir información sobre os diversos aspectos relacionados coa sexualidade: diferentes tipos de voz, cambio de voz na puvertade.
  - Interese pola distribución equilibrada do tempo de traballo e de ocio.

## EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

  - Actitude receptora e tolerante nas relacións a nivel individual e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferencias entre as persoas e aceptación da pluralidade no seo da sociedade e en relación a outras sociedades e culturas diferentes á nosa.
- Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento do grupo, en particular os dereitos e deberes de cada un.
  - Análise crítico dos valores culturais e estéticos da nosa sociedade.
  - Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e das outras culturas.
- Actitude crítica diante de calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferencias individuais ou sociais.

## EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Tolerancia e respecto por todo tipo de diferencias individuais, tanto de tipo físico como psíquico: axuda e cooperación nas actividades de aprendizaxe e interpretación musical.
  - Respecto polas propostas, opinións e accións dos demais.
  - Recoñecemento do diálogo como medio para a resolución de conflictos.

## EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS

- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista, en particular na linguaxe, nas discusións en grupo e nas actividades musicais.
- Sensibilización polo reparto educativo de responsabilidades e o intercambio de roles entre tódolos membros do grupo.

## EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Sensibilización sonora e rexeitamento do barullo; identificación dos problemas que afectan á conservación do medio ambiente. A contaminación sonora do entorno: causas e posibles solucións.

## EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

- Valoración crítica do uso indiscriminado da música: reflexión sobre os excesos de producción sonora, especialmente do problema do barullo. Contribución a crear ambientes gratos e sosegados.
- Valoración crítica dos medios de comunicación de masas: reflexión sobre os usos sociais da música, consumir en función das necesidades reais, educación do gusto persoal e desenrolo dos criterios de selección.
- Valoración e coidado dos obxectos propios e alleos: os instrumentos musicais.

# ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Polo de agora as actividades extraescolares están pendentes de revisión nesta asignatura, á espera da evolución da situación.A maior parte das veces estas actividades xiraban en torno á participación en festivais musicais ou en visitas a Concertos Didácticos ao auditorio de Galicia.
Polo de agora as visitas a Concertos Didácticos resultan imposibles porque non os haberá este ano e no que respecta aos festivais irase vendo o decorrer da situación.Non se descarta que no salón de actos do centro o alumnado de primeiro de BACH faga un concerto didáctico para o alumnado de segundo ou de trerceiro da ESO

O que si se farán é mostras virtuais de ensaios en clase e actividades que poidan ser

mostradas virtualmente .Entre elas un concurso de rap contra a violencia de xénero,

concurso de fotografía con título “que é a música para ti”e actividades

interdepartamentais nas que esté comprometido o departamento

No que respecta ao alumnado de primeiro de Bacharelato non se descarta unha saída ao

Museo do Pobo galego e tamén a ver algún concerto ou musical

As actividades quedarán rexistradas no PXA anual.

# AVALIACIÓN E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN

Dentro da **avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente** é necesario avaliar a programación para iso establecemos os seguintes procedementos.

- Resultados da **avaliación dos alumnos**. Mostran a **adecuación das medidas de reforzo** e de atención á diversidade. Miden a idoneidade dos obxectivos, contidos, e Criterios de avaliación en relación coas competencias básicas ás características dun alumnado concreto.
- **A porcentaxe de aprobados debe superar os obxectivos da etapa que son dun 65%**. Unha porcentaxe menor de aprobados fará necesaria unha revisión importante da programación ou unha explicación moi clara de dito fracaso e por qué non será posible que se repita.
  - Esta avaliación da programación é posible facela de forma continua e toma decisións para o curso seguinte.
- Ao final do curso hai que repasar **qué medidas de atención se empregaron** e cal foi o resultado alumno por alumno. Para cada un veráse o éxito ou o fracaso e qué aspectos podían terse cambiado ou aínda se poden cambiar (adiantar ou retrasar o reforzo, facelo máis ou menos intenso, máis ou menos simple,...)
- A **Avaliación de Diagnóstico**. Aínda que non é posible particularizar os resultados dunha avaliación de diagnóstico para avaliar o Departamento de Música, é unha medida do nivel de acadamento das Competencias Básicas. Esta programación sirve como todas as dos Departamentos Didácticos para acadar esas competencias, a información obtida na AD é unha medida conxunta de si o traballo estáse facendo adecuadamente ou é necesario reformar algún dos aspectos da Programación. Nós, como Departamento, en función dos resultados da AD tomaremos medidadas para reforzar ou fortalecer as competencias máis desfavorecidas na dita proba.
- **Memoria final do curso anterior**. Evidencia os posibles erros na temporalización e distribución por contidos amosando que contidos non puideron impartirse nun determinado curso e da pistas de qué se pode cambiar e en qué dirección. Mover contidos dunha avaliación a outra ou incluso de 2º a 3º ESO.

| INDICADORES | ESCALA | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | | |

| INDICADORES | ESCALA | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula e na AV. | | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | | | | |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | | |
| 15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos | | | | | |

| 16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. |
|---|

| |
|---|
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. |
| 18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. |
| 20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. |

| INDICADORES | ESCALA | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. | | | | | |
| 22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | | |
| 23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | | |
| 24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | | |
| 25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | | |
| 26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | | |
| 27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | | | | |
| 28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | | |
| 29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | | |
| 30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia | | | | | |

ASINADO:
Ana Belén Blanco Varela
Santiago 15/09/2021